

Resumo

Desde fai máis dunha década, a internacionalización converteuse nun dos criterios cruce á hora de avaliar a calidade da investigación, a docencia e os programas de estudo das institucións de educación superior a nivel mundial. En Europa, a creación do Espazo Europeo de Educación Superior, a globalización da economía ou os movementos migratorios, así como a política da Comisión Europea de promoción do multilingüismo, contribuíron ao uso do inglés e doutras linguas estranxeiras nos campus universitarios. A velocidade á que se están producindo estes cambios, así como a dimensión que están a adquirir, fixeron que en moitos casos a internacionalización dos nosos campus en canto ao uso de linguas estranxeiras na docencia, investigación ou comunicación fíxose sen o amparo das necesarias políticas institucionais e nacionais que garantan o éxito e calidade da mesma.

Ante este escenario, esta sesión dará conta das recomendacións que a Asemblea Xeral da Conferencia de Reitores Española aprobou recentemente (maio de 2017) co obxectivo de coordinar as estratexias de internacionalización lingüística a nivel nacional. O documento final, aprobado polas 76 universidades que compoñen a CRUE, ofrece unhas pautas e recomendacións concretas sobre tres liñas fundamentais de actuación -acreditación, formación e incentivación- sobre as que deseñar unha política lingüística de calidade, e aborda unha gran variedade de aspectos, como:

- (a) a enorme diversidade e heteroxeneidade no referente á acreditación dos niveis de lingua inglesa (e outras linguas estranxeiras), así como dos mecanismos utilizados para iso;
- (b) a formación do alumnado, profesorado e PAS, co fin de que se deseñen e proporcionen as accións formativas necesarias para un ensino e unha aprendizaxe de calidade en lingua estranxeira;
- (c) o papel dos Centros de Linguas na estratexia de internacionalización das universidades;
- (d) as linguas co-oficiais no proceso de internacionalización, ou
- (e) a proposta de incentivos concretos que apoiem os esforzos de adaptación e mellora que a internacionalización demanda.